

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CHANTADA PARA A CREACIÓN DUNHA BIBLIOTECA MUNICIPAL

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Chantada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Chantada para levar a cabo as actuacións de rehabilitación dunha edificación existente para adecuala a Biblioteca Municipal*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación. Levarase a cabo a rehabilitación dunha edificación existente no Concello de Chantada para destinalo a Biblioteca Municipal. Trátase dunha edificación tradicional situada no núcleo urbano, e que mostra claramente unha arquitectura tradicional de importancia. A creación dunha nova biblioteca no municipio permitiría o traslado a esta edificación*





*da biblioteca existente, que co paso dos anos mostrouse insuficiente para albergar o volume de libros existente, e ademais permitiría unha mellora moi importante en materia de accesibilidade, construindo unha edificación totalmente adaptadas ás necesidades actuais do municipio.*

*Por todo o anterior é o Concello de Chantada que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

